

NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA

[Aprobadas en CCP de 8/3/2016]

A biblioteca é un espazo aberto a toda a comunidade educativa, polo que todos debemos responsabilizarnos dela.

O equipo da biblioteca procurará que as normas de uso da biblioteca favorezan tanto a convivencia e a organización dentro dela como a mellora dos seus servizos.

HORARIO E USO DO ESPAZO

- Poderemos estar na biblioteca durante os recreos e sempre baixo a supervisión dun profesor. Fóra deste horario, a biblioteca só funcionará cando se atope un profesor de garda nela. O alumnado poderá acceder noutras horas tamén, sempre que vaia acompañado do profesor correspondente.
- A biblioteca é un lugar de lectura e estudo, polo que debemos adoptar unha actitude de orde que favoreza o traballo, e manter os móbiles en modo silencio.
- Teremos que deixar o mobiliario limpo, recollido e ordenado.
- Non poderemos consumir comida ou bebida na biblioteca (agás auga).

USO DOS ORDENADORES

- O uso dos ordenadores limitarase a buscar información, á elaboración de traballos ou a consultar o correo electrónico con fins académicos.
- O profesorado responsable limitará ou organizará o tempo de utilización dos ordenadores, e é responsabilidade dos usuarios o seu uso correcto e de acordo co indicado no punto anterior.

CONSULTA E USO DOS FONDOS

- Os libros están ordenados pola CDU e de forma alfabética, tendo en conta as tres primeiras letras do apelido do autor e as tres primeiras letras do título (non contan os artigos).
- O servizo de préstamo será de luns a venres durante os recreos.
- Poderemos levar un máximo de tres exemplares.
- O período máximo de préstamo será de quince días. Este prazo poderá ampliarse outros sete días, renovando o préstamo se non hai demanda.
- No caso de deterioro ou perda dalgún exemplar, o alumno/a responsabilizarase da súa reposición.
- A non devolución dos libros en prazo supoñerá a aplicación de diferentes medidas correctoras, que irán desde a imposibilidade de levar máis libros en préstamo ata a expulsión temporal por subtracción de material do centro.
- As enciclopedias, dicionarios, xornais e revistas non se poden sacar da sala e deixaranse no seu sitio unha vez consultados.
- Podemos facer propostas sobre novas adquisicións de libros, organización e funcionamento da biblioteca a través da folla de suxestións, que está a disposición no taboleiro da biblioteca.